Castelo de
SOUTOMAIOR

UN CASTELO, MIL HISTORIAS

Guía didáctica para o profesorado de Educación Primaria

(6-8 anos)

Índice

Presentación 3

Obxectivos e adaptación ao currículo 4
Obxectivos 4
Xerais 4
Específicos 4
Competencias clave 5
Adaptación ao currículo 5
Orientacións metodolóxicas 5

Contidos 6

Descrición e dinámica da proposta didáctica 7
Traballo previo á visita 7
Proposta de actividade 7
Durante a visita 8
Percorrido expositivo 8
Caderno do alumnado 9
Traballo posterior á visita 10

Anexo: contidos para a visita ao castelo de Soutomaior 10
1. O castelo de Soutomaior: 10 séculos na paisaxe 10
2. O castelo: o control do territorio 11
3. Irmandiños: asalto e destrución do castelo 11
Quen eran os irmandiños? 11
Os gorrións corren tras os falcóns 11
A destrución e reconstrución do castelo de Soutomaior 11
4. Pedro Madruga: un nobre poderoso e misterioso 12
Pedro Madruga: armas de guerra 12
Pedro Madruga: cabaleiro audaz 12
Pedro Madruga: un señor da guerra 12
Unha fortaleza defensiva 12
Soutomaior: o dominio e a explotación do territorio 12
5. O Colón galego e os Sotomayor 13
Colón e os Sotomayor 13
Cristovo Colón foi galego? 13
Cristovo Colón: bo coñecedor do mar 13
5. b. O preito Tabera-Fonseca: unha fonte de información 13
6. A liñaxe de Sotomayor 14
Unha das liñaxes máis antigas de Galicia 14
Preitos e litixios 14
Unha historia na procura das orixes 14
Entre Sotomayor e Mos 14
7. De fortaleza a palacio residencial 15
O castelo nos séculos XVI-XVIII 15
A carreira política de Antonio Aguilar Correa 15
A reforma do castelo 15
O Romanticismo entra no castelo 16
Os xardíns 16
Unha residencia de verán 16
8. María Vinyals: aires progresistas no castelo 16
Soutomaior, residencia de María 16
As artes que cultivou a marquesa 17
María, marquesa de Ayerbe 17
A primeira historiadora de Soutomaior 17
O seu retorno a Soutomaior como María de Lluria 17
Dos salóns á política 18
Un final enigmático 18
9. Un castelo, mil reformas 18
Unha torre de vixilancia 18
Un castelo defensivo 18
Un palacio con aires medievais 18
A ponte levadiza e o foso 19
As marcas de canteiro 19
O bebedoiro 19
O pozo 18
A torre do conde 19
A testemuña dunha porta 19
O calabozo 19
A torre da homenaxe 19
A latrinas 19
A despensa 19
As seteiras 20
As troneiras de fechadura investida 20
A galería das damas 20

Recomendacións e información práctica 20
Recomendacións 20
Información práctica 20
Enderezo 20
Contacto e reservas 20
Prezo da actividade 20

Respostas ao Caderno do alumnado 21

Presentación

O castelo de Soutomaior presenta un proxecto educativo asociado a este edificio emblemático da historia de Galicia. Non se trata só dun monumento máis, xa que a súa visita permite percorrer os espazos interiores e exteriores nos que actualmente se integran elementos expositivos como audiovisuais, textos e imaxes, xogos... En definitiva, a visita convértese nunha interesante e atractiva viaxe pola historia do castelo desde a época medieval ata a actualidade.

Está rodeado dun predio de 29 hectáreas de gran valor paisaxístico que inclúe un xardín botánico declarado de interese internacional. Orixinariamente o castelo é do século XII, pero sufriu importantes reformas no século XV que o converteron nunha praza forte estratéxica durante os convulsos anos das revoltas dos irmandiños.

Este edificio, tal e como o coñecemos hoxe, é o resultado das transformacións de estilo neogótico realizadas no século XIX, ademais das obras de restauración que se levaron a cabo nas últimas décadas do século XX.

Nesta experiencia non só se afonda na fortaleza e nas súas transformacións arquitectónicas, senón que, con recursos lúdicos, se tratan moitas historias: as que envolven cada unha das modificacións do castelo e as dalgúns das e dos personaxes estreitamente vinculados con el.

Desta maneira, a visita permite coñecer a Pedro Álvarez de Sotomayor, coñecido co sobrenome de Pedro Madruga, que foi un dos nobres que ostentou máis poder na Galicia medieval. Rodeado de lendas, converteu o castelo no seu centro de poder, dotouno das estruturas defensivas máis modernas e adaptouno ao uso das armas de fogo. A visita ao castelo tamén brinda a oportunidade de afondar na teoría de que Cristovo Colón puido ter unha orixe galega ou que podería ter vivido en Galicia, máis concretamente nas Rías Baixas pontevedresas. Se así fose, sen dúbida tería contacto cos Sotomayor, unha familia influente que probablemente controlaba o comercio marítimo da zona.

Pero as historias das e dos personaxes do castelo de Soutomaior non acaban aquí. Despois de séculos de litixio, o castelo herdouno en 1870 Antonio Aguilar Correa, VIII marqués de la Vega de Armijo, que chegou a ser ministro de Estado e presidente do Congreso. Este realizou importantes reformas no castelo para adaptalo como residencia de verán, onde recibiu autoridades e personaxes ilustres da época. Foi este marqués quen acometeu a creación dos magníficos xardíns a semellanza dos que coñecera en Francia e noutros países. As hemerotecas e a documentación fotográfica da época permiten coñecer o protagonismo do castelo na vida da alta sociedade da época.

María Vinyals, sobriña do marqués e herdeira do castelo, é outra das atractivas personaxes que poden coñecerse durante a visita a este monumento. Educada nos mellores círculos, naceu e pasou a súa infancia no castelo. Foi unha muller avanzada á súa época: escritora, activista con ideas progresistas e feminista. María Vinyals escribiu un libro sobre a historia do castelo de Soutomaior. Unha personalidade apaixonante que, despois de distintas vicisitudes e xunto ao seu segundo marido, un prestixioso doutor, se trasladaron a vivir ao castelo e inauguraron un sanatorio no propio predio.

A visita ao castelo de Soutomaior, así como as actividades educativas que se propoñen, ofrecen a oportunidade de explorar múltiples temáticas vinculadas a distintos períodos históricos, reforzando o carácter multidisciplinar desta experiencia educativa e potenciando a curiosidade como unha das metodoloxías máis eficaces para a aprendizaxe.

O castelo é o punto de partida que nos conduce por unha viaxe polo tempo histórico e polas e polos personaxes relacionados coa fortaleza, que se converten en protagonistas da proposta educativa.

As actividades teñen por obxectivo achegarnos aos contextos históricos que acompañaron as transformacións do castelo, así como presentar unha das fortalezas máis importantes e mellor conservadas de Galicia.

Obxectivos e adaptación ao currículo

A visita ao castelo de Soutomaior é unha actividade que debe prepararse con anterioridade. O profesorado que acompañe o alumnado debe coñecer antes de programar a visita as condicións de acceso e os temas que pode tratar co seu grupo para sacarlle o máximo proveito á actividade.

Para apoiar a ou o profesor nesta experiencia, o castelo de Soutomaior ofrece esta guía didáctica, que serve de base para a preparación da visita escolar, así como un caderno para o alumnado para utilizar durante e/ou despois da visita.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se traballan nas actividades propostas son:

Xerais

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias.
- Recoñecer que as distintas manifestacións culturais e artísticas son fonte de coñecemento.
- Identificar e valorar o patrimonio cultural galego, diferenciándoo do doutros lugares, e demostrar interese pola súa conservación.
- Analizar a intervención humana ao longo de distintas etapas da historia e as súas repercusións no patrimonio cultural.
- Demostrar actitudes de respecto e aprecio polo coidado dos bens do patrimonio común.
- Coñecer e analizar situacións de inxustiza e discriminación que tiveron lugar ao longo da historia.

Específicos

- Aprender de forma lúdica.
- Coñecer as maneiras de vivir do pasado e relacionalas co presente.
- Traballar en equipo e experimentar en condutas solidarias.
- Coñecer e diferenciar tempo histórico e cronolóxico.
- Promover o entusiasmo cara ao patrimonio cultural galego mediante o descubrimento e o xogo.
- Valorar a importancia dos monumentos históricos como espazos dinámicos e lúdicos, que transmiten coñecemento e salvagardan a nosa historia.
- Observar, analizar, interpretar e facer hipóteses como metodoloxía histórica.
- Fomentar as capacidades de relación e conexión de ideas das e dos nenos.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias están establecidas segundo a orientación da Unión Europea e están recollidas na Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, descritas na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro.

- **Comunicación lingüística**: o manexo de distintos conceptos e expresións que axudarán a ampliar o vocabulario e a mellorar a expresión do alumnado.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**: o uso de liñas e medidas do tempo, así como representacións gráficas.
- **Aprender a aprender**: o manexo e a procura de información.
- **Competencias sociais e cívicas**: o traballo desta competencia posibilita a comprensión e a análise de sucesos e feitos históricos.
- **Conciencia e expresións culturais**: o feito de coñecer, comprender e apreciar o patrimonio propio.

ADAPTACIÓN AO CURRÍCULO

As actividades que se propoñen son un recurso educativo complementario aos contidos do programa oficial do alumnado de educación primaria, ademais dunha experiencia lúdica e divertida que, cunha metodoloxía diferente á utilizada no contexto formal, axuda a potenciar as habilidades intelectuais e sociais das e dos alumnos e a súa actitude positiva cara ao noso patrimonio histórico e cultural.

As formulacións didácticas que se presentan tiveron como referencia os contidos do programa ou currículo oficial, pero tamén se considerou importante adaptar os contidos ao nivel cognoscitivo correspondente á idade das e dos nenos.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Por todos estes motivos, as actividades propostas baséanse nas seguintes premisas:

- Realizar tarefas integradas para facilitar a contextualización da aprendizaxe, así como solucionar problemas específicos e realizar debates.
- Utilizar estruturas de aprendizaxe cooperativa para a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións que fomenten os hábitos de traballo en equipo.
- Abordar contidos de maneira global e interdisciplinaria e utilizar diversidade de ferramentas de aprendizaxe.
- Fomentar actividades didácticas que faciliten a variedade dos procesos cognitivos e o desenvolvemento de todas as competencias, que impliquen un proceso de investigación, a experimentación e a participación activa do estudantado e que fomenten a reflexión crítica.
- Permitir maior práctica repasando e lembrando mediante actividades novas, variadas e sempre significativas para o alumnado.

Contidos

Os contidos docentes principais da proposta didáctica son:

- A paisaxe que nos rodea: un laboratorio de elementos naturais e humanos.
- O coñecemento da área xeográfica de Soutomaior.
- A importancia do patrimonio histórico e cultural, espazos de aprendizaxe e goce.
- O tempo histórico: coñecemento da historia medieval, moderna e contemporánea a través do castelo de Soutomaior.
- As metodoloxías de estudo histórico como proceso de descuberta: cartografía, liñas do tempo...
- A intervención humana na contorna.
- Os descubrimentos e os inventos que cambiaron a nosa vida.

Doutra banda, a actividade didáctica tamén permite desenvolver procedementos e actitudes presentes no programa docente de educación primaria como:

- A observación e a experimentación como procesos básicos do coñecemento a través de xogos cooperativos.
- O traballo en equipo e o fomento de actitudes solidarias e tolerantes.
- A procura e a elaboración de información por diversas fontes.
- A valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas e cronoloxías.
- O fomento da importancia da conservación e da difusión do patrimonio cultural.
- A identificación e a análise crítica de causas que provocan situacións de marxinación, discriminación e inxustiza social.
- A ampliación do vocabulario.
- O uso de elementos gráficos para facilitar a comprensión.

Descrición e dinámica da proposta didáctica

A recomendación que se propón para desenvolver de forma óptima esta actividade expón a necesidade de realizar certos traballos previos á visita e suxire tamén algunhas propostas que se poden levar a cabo nos días seguintes, tras visitar o castelo e a exposición.

TRABALLO PREVIO Á VISITA

Sería recomendable tratar de maneira sucinta determinados conceptos ou termos que lle permitan ao alumnado situarse no contexto temporal da Idade Media, pois unha gran parte da exposición se centra nese período histórico.

- Introdución ou repaso das unidades de medida do tempo
- Introdución ou repaso das etapas históricas
- Breve introdución ao período medieval: conceptos de nobreza e vasalaxe. Conflitos sociais
- Introdución aos castelos: para que servían? onde se sitúan? que partes teñen? quen vivía neles e por que?
  - Traballarase cun mapa, fotografía aérea ou representación tridimensional do terreo onde se sitúa, que lle permita ao alumnado identificar as diferentes formas topográficas do relevo, os ríos, a ría, o val...

Exemplo de representación tridimensional realizada con Google Earth

Proposta de actividade

Utilizando diversos materiais reciclados as e os alumnos elaborarán un mural con título de "O reloxo do tempo", no que se representará unha liña temporal que reflicta todas as etapas históricas.

Posteriormente cada alumna ou alumno escollerá unha etapa e debuxará un elemento representativo desta (por exemplo, un romano para a Idade Antiga) que colocará sobre a liña. Unha vez finalizado, situarase na liña a construción do castelo de Soutomaior, e poderá relacionarse cos demais elementos e traballar os conceptos de antes e despois.

Este exercicio en grupo serve para construír a medida da temporalidade, recoñecer o tempo cronolóxico e ordenar o eixe temporal e histórico.

DURANTE A VISITA

Percorrido expositivo

A actividade no castelo de Soutomaior consiste nunha visita comentada e guiada por unha ou un monitor percorrendo os espazos do castelo e sustentada a partir dos contidos que se anexan ao final deste caderno.

Con todo, a visita e as explicacións da ou do guía apoiaranse en diversos obxectos fornecidos ao comezo da visita e que se converterán no fío condutor desta. Un baúl conterá seis obxectos representativos das temáticas máis importantes da historia do castelo.

1. Fotografía aérea do territorio (2. O castelo: o control do territorio)

2. Casco medieval (4. Pedro Madruga, un nobre poderoso e misterioso)

3. Anteollo (5. O Colón galego e os Sotomayor)

4. Árbore xenealóxica (6. A liñaxe de Sotomayor)



5. Chapeu clásico de palla (7. De fortaleza a palacio residencial)

6. Pluma e tinteiro (8. María Vinyals: aires progresistas)

Observando e investigando o grupo deberá localizar cada un dos obxectos nos distintos espazos do castelo. Alí, guiados pola monitora ou monitor e polo profesorado, analizaranse e interrogaranse:

- Que pode ser este obxecto?
- Para que se utilizaba?
- É moi vello?
- Hoxe temos obxectos ou elementos semellantes? En que se parecen? En que se diferencian?
- Quen puido utilizar este tipo de obxecto?

Estas preguntas permitirán afondar na historia do castelo e nas e nos personaxes máis relevantes a partir dos contidos que se fornecen no anexo e na propia exposición.
A última pregunta destinada a interrogar o obxecto (quen puido utilizar este obxecto?) proporciona as pistas para afondar e narrar a historia particular das e dos personaxes relacionados co castelo de Soutomaior:

- Casco medieval: Pedro Álvarez de Sotomayor, Pedro Madruga
- Anteollo: Cristovo Colón
- Chapeu clásico de palla: marqués de la Vega de Armijo
- Pluma e tinteiro: María Vinyals

Caderno do alumnado

As explicacións da ou do monitor e da ou do profesor complementaranse co caderno do alumnado, no que se expoñen unha serie de actividades que deben resolver. Estas actividades céntranse nos aspectos máis relevantes dos contidos expostos e poden ser realizadas durante ou despois do percorrido.

Este caderno ten o obxectivo tanto de fixar coma de avaliar os conceptos adquiridos polo alumnado durante a visita.

TRABALLO POSTERIOR Á VISITA

Despois da experiencia da visita no castelo, propóñense as seguintes dúas actividades para realizar na aula:

- **O reloxo do tempo.** Completarase o mural que se creou previamente. Para iso, cada alumna ou alumno poderá debuxar, colorear e recortar dous obxectos (por exemplo, un casco e unha espada) que coñeza ou vise durante a visita ao castelo, para despois, de maneira colectiva, e coa axuda do profesorado, situalos correctamente no mural O reloxo do castelo de Soutomaior. Despois deberán explicarlle ás e aos seus compañeiros a función dos obxectos elixidos e o porqué de situalos nunha data ou noutra da liña do tempo.

- **A miña árbore xenealóxica**. Cada alumna ou alumno creará unha árbore xenealóxica na que se incluirá o nome e a data de nacemento das súas nais e pais, avoas e avós, irmás e irmáns e, opcionalmente, outros parentes próximos coma tías ou tíos e primas ou primos irmáns. Propoñerase que lle resten a súa data de nacemento á dos seus parentes para pescudar cantos anos se levan de diferenza. Ademais, a árbore pode servir para traballar os tipos de parentescos.

Esta actividade servirá, do mesmo xeito que a anterior, para continuar traballando na medida da temporalidade e, ademais, para introducir o alumnado nos contidos de parentesco e liñaxe, tratados tamén na visita ao castelo.

Anexo: contidos para a visita ao castelo de Soutomaior

1. O castelo de Soutomaior: 10 séculos na paisaxe

Durante séculos o castelo de Soutomaior presidiu a paisaxe destas terras. Torre de vixía, baluarte defensivo ou residencia palaciana que simboliza unha fascinante historia do edificio e das e dos seus moradores.

Século XII **A primeira construción**. Paio Méndez Sorrede foi, probablemente, o fundador da fortaleza de Soutomaior durante o reinado de Alfonso VII (1105-1157). Tratábase dunha austera fortificación que dominaba o sur do val do río Verdugo co nome de "Souto Maior".

1467-1469 **O castelo, atacado e reconstruído**A revolta Irmandiña destruíu parte da fortificación, que foi reforzada e mellorada por Pedro Álvarez de Sotomayor, un dos señores feudais que conseguiu máis poder no Reino de Galicia.

1518 **O castelo, salvado da derriba**. A política de pacificación da Coroa española que, entre outras medidas, desmantelou torres e fortificacións, mantivo a torre de Soutomaior en pé por ser un castelo estratéxico e indispensable para a defensa da fronteira con Portugal. Con todo, a altura da torre debeu ser modificada por orde dos Reis Católicos para castigar a Pedro Álvarez de Sotomayor.

1870 **Unha nova vida para o castelo**. A finais do século XIX, desprovisto da súa función orixinal, o castelo achábase nun estado lamentable. O marqués de la Vega de Armijo, Antonio Aguilar y Correa, que o herdara, transformouno nunha residencia palaciana.

1913 **O sanatorio Lluria en Soutomaior**. Inauguración do Sanatorio Lluria, fundado por María Vinyals e o seu marido, o doutor Lluria. María recibira en herdanza o castelo en 1908 das mans do seu tío, o marqués de la Vega de Armijo.

1917 **A poxa pública do castelo**. As dificultades económicas que arrastraba María Vinyals de Lluria supuxeron que a fortaleza saíse a poxa pública. No ano 1919 o castelo pasou a mans de Alberto Dopazo, veciño de Vilagarcía , tras o pago de 20.000 pesetas.

1935 **Eugenio Carlos de Hostos y de Ayala, o novo propietario**. O castelo foi adquirido por Eugenio Carlos de Hostos y de Ayala, militar de orixe portorriqueña, que comezou a recuperar os xardíns e introduciu novas especies de plantas.

1982 **O castelo e os xardíns, patrimonio de todas e todos**. O castelo foi comprado pola Deputación de Pontevedra que, tras os estudos necesarios, restaurou o monumento e os xardíns. O 15 de maio de 1987 o parque e o castelo abríronse ao público.

2. O castelo: o control do territorio

A localización do castelo de Soutomaior non é casual. O seu dominio sobre a paisaxe e o control das vías naturais de comunicación garanten a súa función de vixilancia, de defensa e de explotación das terras da súa contorna.

3. Irmandiños: asalto e destrución do castelo

O castelo de Soutomaior, como moitas outras fortalezas de Galicia, foi parcialmente destruído durante a segunda metade do século XV polo asalto dos irmandiños, que se alzaran contra a nobreza.

Quen eran os irmandiños?

A Santa Irmandade do Reino de Galicia era unha corporación formada por xente común armada: campesiñado, labradores, pescadores, veciñanza da cidade, fidalguía e algúns membros do clero. O seu labor era defenderse de criminais e fronte os agravios que, durante anos, recibiran da nobreza, dos seus escudeiros e peóns e dos servidores do bispado.

Roubos, secuestros, torturas, pillaxes e mesmo mortes alentaran unha sede de xustiza que cristalizou en revoltas e insurreccións. O rei Enrique IV de Castela (1425-1474) favoreceu e impulsou estes alzamentos para frear o crecente poder da nobreza.

Os gorrións corren tras os falcóns

No ano 1467 o alzamento foi xeral nas cidades e nas áreas rurais do Reino de Galicia. As milicias armadas organizáronse co apoio das asembleas das grandes cidades para atacar as propiedades da nobreza: as súas fortificacións e castelos.

Alonso de Lanzós, Pedro Osorio ou Diego de Lemos formaban parte dos fidalgos ao mando das tropas que atacaron e destruíron máis de 100 torres e fortalezas. Gran parte dos nobres foron perseguidos e fuxiron cara a Castela e Portugal.

Con todo, no ano 1469 algúns nobres, como Pedro Álvarez de Sotomayor, o arcebispo Fonseca e Juan de Pimentel, rearmáronse e atacaron as tropas irmandiñas cunha violencia inusitada para recuperar as súas posesións. Pedro Álvarez de Sotomayor empregou armas de fogo coma os arcabuces, descoñecidos ata entón en Galicia.

A destrución e reconstrución do castelo de Soutomaior

Durante a revolta Irmandiña do ano 1467 o castelo de Soutomaior foi parcialmente destruído. O seu señor, Alvar Paéz de Sotomayor, faleceu defendendo a cidade de Tui dos ataques irmandiños e legoulle as súas posesións ao seu medio irmán, Pedro Álvarez de Sotomayor (Pedro Madruga).

Foi este quen recuperou os seus bens e reconstruíu o castelo coa axuda das e dos seus vasalos. Reforzou e ampliou os recintos amurallados e incorporou elementos defensivos novos, coma as troneiras, aberturas nos muros para albergar armas de fogo.

4. Pedro Madruga: un nobre poderoso e misterioso

Pedro Álvarez de Sotomayor (1430?-1486), coñecido polo sobrenome de Pedro Madruga, foi un dos nobres máis poderosos do Reino de Galicia; foi vizconde de Tui, mariscal de Baiona e conde de Caminha. Mito e realidade mestúranse nos acontecementos da vida deste cabaleiro poderoso e cruel.

Pedro Madruga: armas de guerra

A Pedro Madruga atribúeselle a introdución das armas de fogo no Reino de Galicia, especialmente arcabuces e falconetes.

Os arcabuces eran armas de fogo de curto alcance pero de efecto letal. Mediante pólvora e balas de chumbo, que se propulsaban a gran velocidade, conseguíase perforar mesmo armaduras metálicas.

Os falconetes eran canóns pequenos de bronce que disparaban, mediante pólvora, bólas de ferro ou varias balas de arcabuz. Dispoñían dunha vara para apuntar e unha espiga que permitía virar o eixe e, polo tanto, disparar en varias direccións.

Pedro Madruga: cabaleiro audaz

A impetuosa actividade de Pedro Madruga, señor de Soutomaior, levouno a loitar contra os irmandiños (1468-1470), enfrontarse ao arcebispo Fonseca (1471-1474), participar nas campañas contra Isabel, raíña da Coroa de Castela (1474-1476), ser prisioneiro (1477) e recomezar a súa loita contra o arcebispado e o bispo Diego de Muros (1478-1479).

O seu final é confuso e misterioso. A traizón do seu fillo Álvaro, que se erixe como señor de Soutomaior e toma o castelo, obrígao a abandonar a súa terra. Existen varias versións sobre a súa morte; a máis aceptada é que morreu no ano 1486 no mosteiro de San Leonardo de los Jerónimos en Alba de Tormes (Salamanca).

Pedro Madruga: un señor da guerra

Pedro Álvarez de Sotomayor foi un verdadeiro señor da guerra, un nobre que rexía o seu territorio desde o seu castelo cun claro valor estratéxico.

Unha fortaleza defensiva

Pedro Madruga reconstruíu o castelo de Soutomaior, que quedara parcialmente destruído polas revoltas Irmandiñas, mellorou os seus aspectos defensivos e introduciu novidades para adaptar a fortificación ao uso de armas de fogo.

Implantou as troneiras, que protexían o soldado que disparaba os arcabuces desde o interior do castelo, e instalou canóns de bronce nas murallas.

O castelo tamén era un símbolo do poder do señor. Aínda que no século XII se construíra unha modesta torre vixía, foi no século XV, baixo o dominio de Alvar Páez de Sotomayor e de Pedro Madruga, cando o castelo se ampliou e adquiriu carácter fortificado nun momento convulso e de guerras continuas. A construción dunha dobre muralla paliaba a vulnerabilidade da fortaleza ante calquera ataque e, á vez, dotábaa dunha presenza impoñente na paisaxe.

As e os vasalos tiñan antes os seus ollos o maxestoso castelo, que lles garantía protección e lles lembraba constantemente a quen debían renderlle fidelidade. Os altos muros ameados e as torres de defensa disuadían os inimigos ou posibles atacantes.

Desde Soutomaior Pedro Madruga dominou gran parte do reino como nobre e señor da guerra.

Soutomaior: o dominio e a explotación do territorio

Prados, cultivos, hortas, bosques, ríos... todo era propiedade do señor. As terras e as outras posesións eran explotadas polos seus vasalos a cambio do pagamento de tributos. O señor, á súa vez, garantía a protección da poboación ante os ataques externos, aínda que os abusos e as malfeitorías dos seus propios soldados eran habituais.

5. O Colón galego e os Sotomayor

A orixe de Cristovo Colón aínda é unha incógnita. Xenovés, portugués, eivisenco, valenciano, catalán ou galego? Múltiples hipóteses rodean de certo misterio un dos personaxes máis relevantes da nosa historia.

Colón e os Sotomayor

É posible que se Colón, sexa cal for a súa orixe, preparase a súa expedición en terras galegas e entrase en contacto cos señores de Sotomayor. Esta familia controlaba as principais prazas fortes do comercio marítimo situadas nas Rías Baixas.

A posición da Casa de Sotomayor coma unha das liñaxes máis importantes da nobreza galega e as relacións que os seus membros estableceron coa Coroa de Castela e o Reino de Portugal fan crible esa conexión. Os Sotomayor podían mediar nas relacións entre Colón e os reis, ou mesmo financiar ou facilitar a súa loxística navieira.

Algúns estudos mesmo defenderon que Pedro Madruga e Cristovo Colón foron a mesma persoa e que a suposta morte do señor non foi máis que unha artimaña para adquirir o nome e a personalidade do navegante.

Cristovo Colón foi galego?

Unha teoría defende que Colón podía ter unha orixe galega, ou que podería vivir en Galicia nos momentos próximos á súa viaxe ás Indias. Esta hipótese baséase en diversos argumentos, aínda que os máis destacados son que:

- Colón escribía en galego-portugués.
- Bautizou os sitios que descubría con topónimos existentes nas Rías Baixas pontevedresas: San Salvador, Porto Santo, Punta Lanzada... Hai máis de 200 coincidencias e só un bo coñecedor do territorio pontevedrés elixiría estes topónimos para o Novo Mundo.
- Está constatado que na zona de Pontevedra o apelido Colón era moi habitual naquela época.

Cristovo Colón: bo coñecedor do mar

Un dos argumentos máis decisivos é que Cristovo Colón era un experto navegante e bo coñecedor da mariñeiría, un oficio moi estendido en Pontevedra que, naquela época, gozaba dun tráfico marítimo moi intenso.

Parece que a nave Santa María se construíu nun estaleiro das Rías Baixas, segundo un documento do ano 1489 subscrito en Pontevedra no que se menciona o embarque dunha nave con ese nome.

Outro dato para ter en conta é que a carabela Pinta, á súa volta da viaxe, chegou a Baiona, lugar desde o que se difundiu o descubrimento do Novo Mundo.

5. b. O preito Tabera-Fonseca: unha fonte de información

O preito Tabera-Fonseca, datado entre os anos 1526 e 1527, é un importante documento que recolle os testemuños de case 200 persoas sobre os acontecementos das revoltas Irmandiñas.

Responde á reclamación do arcebispo de Santiago de Compostela, Juan Tabera, ao seu antecesor, Alonso III de Fonseca, polas destrucións que sufriron os castelos e as casas durante as revoltas e que nunca foron reparadas.

As declaracións de labregos, clérigos e frades, mareantes, mercadores, artesáns, escudeiros etc., moitos deles xa anciáns, foron fundamentais para esixirlle a Alonso III Fonseca dez millóns de marabedís como indemnización.

O máis importante do documento é que os declarantes nos informan de como eran os castelos antes da destrución.

«...ubo derrocara muchas fortalezas de dicho Reino de Galizia de los señores e perlados...»
Pedro de Cancela, labrador na freguesía de Santiago de Francia, de setenta e oito anos de idade.
«dezian los dichos alcaldes e diputados y personas que andaban en la dicha Hermandad que las derrocaban porque en ellas se acoxian muchos ladrones e malfechores que rrobaban la tierra y azian muchos males...»

Bartolomé de Sigüeiro, pescador e veciño da vila de Pontevedra, de oitenta anos de idade.

«Que non sabe mais que bido quel devandito señor Pedro Alvarez despois que fosen derrocadas as devanditas fortalezas llebantara e fiziera llebantar a devandita fortaleza de Sotomayor que fose derrocada...»

Pedro de Moiño, labrador de Santa María de Darabo, de 60 anos de idade, aproximadamente.

6. A liñaxe de Sotomayor

A dos Sotomayor é unha das liñaxes máis antigas de Galicia; comeza no século XII e chega ata a época moderna. Na historia deste nobre apelido sucedéronse tempos de gloria, de conflitos e de decadencia.

Unha das liñaxes máis antigas de Galicia

A rama troncal desta familia remóntase aos albores da Idade Media. É probable que o fundador fose Paio Méndez Sorrede, que no século XII poboou o val do Souto e construíu o castelo, ao que lle puxo de nome «Souto Maior», nome que os seus sucesores elixiron como apelido.

Os seus descendentes foron señores e guerreiros que ocuparon un lugar preeminente na nobreza galega da Idade Media, nunha época de loitas constantes con outras liñaxes para conseguir o dominio do suroeste do Reino de Galicia.

Preitos e litixios

Desde a morte de Pedro Álvarez de Sotomayor sucedéronse diversos enlaces matrimoniais para manter os bens da casa e evitar a súa confiscación; algúns deles con familias historicamente inimigas dos Sotomayor, coma as liñaxes de Quirós ou García Sarmiento.

Estes enlaces matrimoniais supuxeron máis conflitos e orixinaron unha ampliación das ramas de parentesco, dificultando así a liña sucesoria, o cal conduciu a anos de litixios e preitos para desenmarañar as reclamacións das distintas descendencias.

No ano 1543, Diego de Sotomayor, fillo de Pedro Madruga e sen descendencia, fundou o morgado da Casa de Sotomayor en beneficio da súa sobriña-neta María de Sotomayor. O morgado era un sistema de repartición de bens que beneficiaba o maior dos fillos e evitaba así que o patrimonio se dispersase.

Unha historia na procura das orixes

A morte de Dolores López-Sotomayor y Soto (1822-1909) enterrou no esquecemento un documento que, casualmente, recuperou a súa neta, Yolanda Josefina Rey Junquera-Huergo.

Este documento, recentemente descuberto, é unha Real provisión, expedida polo rei Felipe V o día 22 de xuño de 1715, para determinar a fidalguía do capitán Jacinto López de Sotomayor para que os seus fillos —Gregorio, Pedro e Juan— obtivesen o recoñecemento e se lles devolvesen os bens dos seus antepasados.

Grazas a este documento desvelouse a existencia dunha rama Sotomayor que pode seguirse ata o século XVI e que, nalgún momento, debeu entroncar coa liñaxe principal.

Entre Sotomayor e Mos

As disputas polo morgado de Sotomayor finalizaron cando no ano 1773 Pelayo Antonio Correa Sotomayor, III marqués de Mos, puxo un preito sobre o morgado de Sotomayor na Real Cancillería de Valladolid. Finalmente, a sentenza de 1796 declarou que o herdeiro era Benito Fernando-Correa de Sotomayor, IV marqués de Mos.

Un dos cambios máis importantes no castelo foi a substitución do escudo dos duques de Sotomayor polo da Casa de Santa Eulalia de Mos, que se instalou no barbacá de acceso ao castelo.

7. De fortaleza a palacio residencial

Nos séculos XVII e XVIII o castelo perdeu a súa importancia defensiva e, en consecuencia, entrou nun estado de abandono. Foi Antonio Aguilar Correa, VIII marqués de la Vega de Armijo, quen engrandeceu o castelo noutra etapa esplendorosa, converténdoo na súa residencia de verán.

O castelo nos séculos XVI-XVIII

As anteriores disputas sucesorias e a perda da función defensiva do castelo sumírano nun estado de deixamento e abandono.

Cando o marqués de Mos, Benito Fernando Correa, obtivo o castelo no ano 1795, a torre da homenaxe estaba en parte derrubada e na muralla faltaban bloques de pedra que foran espoliados. As tellas, as cubertas e a carpintería estaban moi deterioradas.

A pesar do seu mal estado, no ano 1801 o valor de taxación do castelo era de 211.274 reais de vélaro e as reformas necesarias elevábanse a máis de 30.000.

Descoñécense as reformas que finalmente se efectuaron, pero sábese que o marqués Benito Fernando Correa arrendou o castelo por 500 reais de vélaro para escola infantil.

Antonio Aguilar Correa (1824-1908), VIII marqués de la Vega de Armijo e VI marqués de Mos e neto de Benito Fernando Correa, herdou o castelo no ano 1869.

O marqués foi un destacado político que chegou a desempeñar importantes cargos públicos, ademais de presidir as reais academias da Historia e das Ciencias Morais e Políticas.

Casou no ano 1867 en Baden-Baden (Alemaña) con Zenobia Vinyals, filla do primeiro matrimonio de Manuela Bargés, segunda esposa do militar e político Leopoldo O'Donnell, do que o marqués foi seguidor e bo amigo.

Cando no ano 1908 o marqués morreu sen descendencia o castelo foi herdado pola súa sobriña, María Vinyals.

A carreira política de Antonio Aguilar Correa

1854-1908	Deputado ás Cortes
1858	Secretario e vicepresidente do Congreso e gobernador civil de Madrid
1861	Ministro de Fomento, Instrución e Obras Públicas
1863	Ministro de Gobernación
1865	Ministro de Fomento, Instrución e Obras Públicas
1887	Embaixador de España no Vaticano
1888-1890 e 1892-1893	Ministro de Estado
1895	
1898	Presidente do Congreso 1901
1905	
1903	Ministro da Gobernación e de Estado, ministro do Consello de Estado e embaixador de España en París
1906	Presidente do Consello de Ministros
1906-1907	Presidente do Goberno

A reforma do castelo

No ano 1870 os marqueses decidiron reformar e fixar a súa residencia de verán no castelo de Soutomaior.

O mal estado do castelo obrigounos a realizar unha gran reforma que converteu a austera fortificación nunha cómoda e confortable residencia.

As obras, que se efectuaron con gran celeridade, consistiron na restauración da torre da homenaxe, a instalación de canos e o arranxo do seu interior como vivenda. No exterior, entre outros arranxos, rematáronse os muros con amenas e gárgolas.

O Romanticismo entra no castelo

Os marqueses quixeron achegar ao castelo comodidade, pero tamén acentuar o seu pasado medieval cunha estética neogótica vinculada co Romanticismo.

Na torre situada nun dos ángulos da muralla acondicionouse unha biblioteca.

A renovación máis destacada foi a construción dunha galería neogótica coñecida como galería das damas. A antiga e maltreita galería, sostida por estacas de madeira, reformouse con arcos oxivais e novas columnas de pedra.

Por unha escaleira con arcos oxivais accedíase á planta superior, na que se habilitou un recibidor e un maxestoso salón cos teitos artesoados. No salón había unha gran cheminea e estaba decorado con pinturas, tapices e un exquisito mobiliario. Un gran cadro do marqués coa súa sobriña María Vinyals presidía o espazo.

Construíuse unha capela neogótica con portas de nogueira, esculpidas coas tallas de san Pedro e san Pablo. No altar había un lenzo do pintor Casto Plasencia, copia dunha obra de Murillo.

Os xardíns

Os marqueses, que visitaran preciosos xardíns en Francia e noutros países europeos, quixeron crear un magnífico parque na contorna do castelo reconvertendo algúns dos campos de millo existentes.

Cedros do Líbano, eucaliptos, coníferas, palmeiras, laranxeiras, camelias, xasmíns, magnolios... formaban un frondoso xardín que se adornou cun estanque e unha fonte.

Unha praza con castiñeiros centenarios dáballes a benvida ás e aos convidados e usábase como comedor ao aire libre nas grandes ocasións. Entre a vexetación dispuxéronse un cenador, glorietas e mesmo un teatriño no que se representaban algunhas obras.

Tamén se construíu un pavillón para albergar as e os hóspedes solteiros, xa que só as señoras e os señores desposados podían pasar a noite no castelo.

Unha residencia de verán

Os veráns dos marqueses no castelo, acompañados habitualmente da súa sobriña María Vinyals, eran plácidos e agradables. As responsabilidades políticas de Antonio Aguilar Correa converteron a residencia nun ir e vir de visitas ilustres, facendo dela centro de decisións políticas e de reunión social.

O rei Alfonso XII hospedouse ata tres veces no castelo e, na súa honra, colocouse nunha sala un medallón co seu busto para rememorar as súas visitas. Outros políticos, diplomáticos, artistas ou intelectuais pasaron algúns días convidados no castelo, gozando de xogos, charlas e elegantes comidas.

8. María Vinyals: aires progresistas no castelo

María Vinyals, sobriña dos marqueses de la Vega de Armijo, naceu e creceu no castelo de Soutomaior. Esta muller, cultivada e con ideas socialistas e feministas, viviu intensamente e mantivo un vínculo indiscutible co castelo.

Soutomaior, residencia de María

María Vinyals y Ferrés naceu no castelo de Soutomaior o 14 de agosto de 1875 e dous días despois foi bautizada na súa capela. Era filla de Aureliano Vinyals e de Agustina Ferrés, procedentes dunha familia da burguesía de Terrassa (Cataluña).

María foi como unha filla adoptiva para os marqueses. A elevada posición do seu tío permitiulle recibir unha educación excelente, e destacou no dominio de diferentes idiomas: francés, inglés, alemán, portugués e latín.

Durante a súa mocidade María pasou os apracibles veráns no castelo, participando nos faladoiros organizados polo marqués. O resto do ano acompañaba o seu tío a innumerables eventos sociais en Madrid, nos que alcanzou unha notable fama pola súa beleza e a súa cultura.

As artes que cultivou a marquesa

Desde moi nova María foi unha muller polifacética que se interesou pola literatura, a historia, o debuxo e a fotografía.

Baixo a mestría de Joaquina Serrano María iniciouse na pintura e mesmo presentou obra nas exposicións nacionais de Belas Artes de Madrid dos anos 1890 e 1895. O único testemuño que se conserva da súa afección é un debuxo que lle dedicou a Carolina Correa de Sotomayor (1838-1909), sobriña do marqués de la Vega de Armijo.

Destacou especialmente no campo da literatura e foi autora dun conto de Nadal cando aínda era unha nena. Escribiu un libro sobre a historia do castelo de Soutomaior e unha novela de carácter autobiográfico titulada "Rebelión". Posteriormente publicou unha infinidade de artigos en diferentes xornais e mesmo traduciu do inglés a novela de aventuras "Piratas de Venus" de Edgar Rice Burroughs.

María, marquesa de Ayerbe

No ano 1896 María contraeu matrimonio co marqués de Ayerbe, Juan María Nepomuceno Jordán de Urríes y Ruiz de Arana, polo que adquiriu este título. A cerimonia e o banquete nupcial celebráronse no castelo con bailes, música e fogos artificiais.

O marqués de Ayerbe era un home de Estado, o que obrigou a María a vivir en Biarritz e en Lisboa na compañía do seu marido. Durante a súa estancia na capital lusa frutificou unha grande amizade entre María e o rei Carlos I de Portugal, quen lle presentou ao príncipe de Gales, o futuro Eduardo VII. Este envioulle orquídeas a María durante anos ata que, finalmente, e cando el xa era rei, comeron xuntos en París.

A marquesa tamén dedicou tempo a causas feministas; nos anos 1905 e 1906 fundou a Xunta Ibero-Americana de Cultura Feminina e a Escola de Nais de Familia para a protección da muller, co obxectivo de que a educación fose o camiño para que as mulleres alcanzasen a independencia que lles correspondía.

A primeira historiadora de Soutomaior

A marquesa escribiu a obra "El castillo del marqués de Mos en Sotomayor: apuntes históricos", que, publicada no ano 1904, foi o primeiro estudo coñecido sobre a historia deste castelo.

No libro María expresa o seu arraigamento a Galicia e a curiosidade que lle espertou a historia da fortaleza na que gozara tantos veráns. Observou e recompilou tanta información como lle foi posible, aínda que tamén lamentou que o arquivo do castelo se perdese por mor dun incendio no palacio de Santa Eulalia de Mos durante a invasión francesa.

O libro, que foi ilustrado polo pintor valenciano José Garnelo, dedicoullo á súa tía Zenobia, que morrera no ano 1891.

O seu retorno a Soutomaior como María de Lluria

O marqués de Ayerbe morreu en maio de 1908 e, un mes despois, faleceu o seu tío. María converteuse entón en propietaria do castelo de Soutomaior.

En 1909 María casou con Enrique Lluria Despau, un prestixioso urólogo que estudara na Habana, Barcelona, Madrid e París e fora axudante de Santiago Ramón y Cajal.

O 15 de xullo de 1913 ambos emprenden un ambicioso proxecto coa inauguración do Sanatorio Lluria, lindeiro ao castelo, para tratar diferentes enfermidades. Ademais, construíron unha serrería mecánica e unha queixería, dirixidas por María.

Durante este período o matrimonio recibiu no castelo numerosas visitas, entre as que se conta a do pintor Joaquín Sorolla, quen retratou a María nunha ou dúas ocasións. Desgraciadamente, ignórase o paradoiro destas obras.

Dos salóns á política

Con Lluria, a existencia de María cambiou radicalmente: abandonou a súa vida de aristócrata e empezou a impartir con fervor conferencias que defendían os dereitos das mulleres, polo que recibiu o beneplácito da crítica xornalística. En 1917, xunto ao seu marido, afiliouse ao Partido Socialista Obreiro Español e mesmo se sabe que Pablo Iglesias estivo de visita no castelo.

A súa relación co socialismo carrexoulles problemas e, en 17 agosto de 1917, produciuse un rexistro no castelo en busca dun dirixente sindical da UXT; eles víronse envoltos nunha suposta detención pola súa implicación na folga xeral revolucionaria de agosto do mesmo ano.

Un final enigmático

As débedas e os sucesivos préstamos do matrimonio Lluria acabaron por lastrar o destino do castelo. Tras saír a poxa pública no ano 1917, adxudicóuselle en 1919 a Alberto Dopazo, veciño de Vilagarcía de Arousa, que o adquiriu por 20.000 pesetas.

Tras a ruína do sanatorio, o matrimonio pasou un tempo en Madrid e, finalmente, embarcouse cara a Cuba a principios do ano 1920 en compañía dos seus dous fillos máis novos, Roger e María Teresa. Instálanse alí por fin e Lluria abre un consultorio. Faleceu o 6 de outubro de 1925 en circunstancias confusas.

Naquel momento a vida de María entrou nunha tráxica espiral, pois pouco despois, en agosto de 1926, faleceu María Teresa, filla do seu segundo marido e á que quería coma se fose súa. Sumida nunha profunda depresión, e grazas ás axudas da familia e amizades, regresou a España con serios problemas económicos. Os últimos datos sitúana en Madrid; sábese que recibiu axudas da Academia Nacional de Medicina, que solicitou traballo de tradutora no Instituto de Reforma Agraria e que escribiu 15 entregas das súas memorias na revista Crónica, que se interromperon no ano 1935.

A súa morte é un misterio; quizais faleceu en Sudamérica, tras pasar por París, nunha data descoñecida.

9. Un castelo, mil reformas

Os muros do castelo transmiten as súas feridas e as súas transformacións. Desde a súa orixe ata a actualidade, a súa evolución arquitectónica desvélanos a súa historia.

Unha torre de vixilancia

A construción orixinaria probablemente se edificou en época de Paio Méndez Sorrede, no século XII. Consistía nunha austera torre vixía que, posteriormente, se ampliou coa construción doutra torre e dunha muralla que as unía e que protexía o flanco máis vulnerable do complexo. No outro costado, o relevo rochoso garantía a protección da fortaleza.

Un castelo defensivo

Foi na segunda metade do século XV cando o castelo adquire o seu aspecto defensivo. Unha das torres reconstrúese —a torre da homenaxe— e o complexo dispón dun dobre recinto amurallado e dun amplo patio de armas. Unha torre anexa á muralla exterior protexe a entrada ao recinto, situada naqueles tempos na zona norte.

A reforma realizada por Pedro Madruga (segunda metade do século XV) incorporou novos mecanismos defensivos, como as troneiras para armas de fogo ou a instalación de canóns nas murallas, que se sabe que permaneceron no seu lugar ata o século XIX.

Un palacio con aires medievais

No século XVIII, cando o castelo xa non tiña ningún obxectivo defensivo, a torre da homenaxe tivo que reconstruírse. Nunha operación de embelecemento o acceso principal do recinto trasladouse ao flanco sueste, onde se construíu unha ponte levadiza e un barbacá cun ostentoso escudo do marquesado de Mos. Foi a finais do século XIX cando o marqués de la Vega de Armijo converteu o castelo nunha residencia palaciana con intervencións de estilo neogótico, coa incorporación de ameas e gárgolas ou a construción en pedra da galería que dá ao patio de armas.

Tivo que restaurarse a parte alta da torre da homenaxe e construíuse un acceso a través dunha curiosa escaleira exterior con galería.

Podes percorrer o castelo e identificar todos estes elementos:

A ponte levadiza e o foso

En orixe era unha ponte levadiza que permitía salvar un foso que se construíu entre os séculos XVI e XVII. Posteriormente converteuse nunha ponte de pedra que conduce á porta de acceso, coroada co escudo dos marqueses de Mos .

As marcas de canteiro

Os canteiros sinalaban os bloques de pedra para indicar a súa posición na obra ou para rexistrar o seu traballo e así contabilizar e cobrar o encargo. Estas marcas nos perpiaños dos muros consérvanse en distintos lugares do castelo.

O bebedoiro

No patio de armas instalábanse pías de pedra para dispoñer de auga para os cabalos ou outros animais domésticos.

O pozo

Pozo que comunica cun alxibe ao que se accede por unha escaleira tallada na rocha. Tamén se lle chama Pozo da Moura, pois unha lenda conta que, no seu interior, unha moura encantada custodiaba un tesouro.

A torre do conde

Torre que se construíu simultaneamente á muralla exterior (século XV) para defender o acceso orixinal ao castelo, situado neste flanco. Durante a residencia do marqués de la Vega de Armijo utilizouse como biblioteca.

A testemuña dunha porta

Un dos indicios máis antigos do castelo é esta porta cegada que daba acceso ao castelo cando este só dispoñía dunha única muralla. A porta tapiouse cando deixou de ter esta función, probablemente coa construción da muralla exterior, durante a segunda metade do século XV.

O calabozo

O castelo dispoñía dun calabozo case inaccesible, pois na súa orixe só se entraba por un orificio superior. Nel estivo encarcerado, entre outros, Diego de Muros, bispo de Tui durante os anos 1472 e 1487.

A torre da homenaxe

É o elemento máis antigo e o principal do castelo. A súa robustez garantía a protección do que era a residencia do señor. Ao longo da súa historia sufriu varias destrucións e reparacións.

As latrinas

Os castelos dispoñían de lugares para que as e os seus habitantes realizasen as súas necesidades fisiolóxicas. As latrinas eran austeras e situadas en espazos ventilados. Consistían nun banco cun orificio que apuntaba ao exterior do castelo.

A despensa

Os castelos, que podían ser asediados, necesitaban almacenar provisións e víveres. Os espazos máis escuros e frescos destes destinábanse a despensa para conservar os alimentos con garantías.

As seteiras

Formadas por unha regaña vertical, servían para disparar frechas con arcos ou béstas desde o interior do castelo, protexendo á súa vez ao porteiro.

Troneiras de fechadura invertida

Formadas por unha regaña alongada e un orificio circular, xeneralizáronse durante a segunda metade do século XV para o uso de armas de fogo.

A galería das damas

Galería que se abre ao patio de armas. Este elemento xa existía antes do século XIX e estaba construído parcialmente en madeira. Foi o marqués de la Vega de Armijo quen o converteu nunha loxa con arcos oxivais de estilo neogótico.

Recomendacións e información práctica

Recomendacións

- É preferible que o profesorado visite o castelo de Soutomaior previamente e poida así elixir a información e o contido da actividade.
- Preparar o alumnado antes de facer a visita con conceptos básicos, como se propón na guía, pero sen proporcionar excesivos detalles para así conservar a expectativa e a sorpresa durante a visita ao castelo.
- Antes de realizar a visita débese informar o alumnado das normas básicas de comportamento:
  - Andar polo castelo con tranquilidade e sen correr para non provocar accidentes nin incomodar o resto de visitantes.
  - Falar nun ton baixo.
  - Poñer atención ás escaleiras e aos sitios con certo perigo.

Información práctica

Enderezo
Castelo de Soutomaior
Rial, s/n, 36691 Soutomaior

Contacto e reservas
Correo electrónico: castelodesoutomaior@depo.es
Teléfono: 986 804 100
Web: www.castillodesoutomaior.com

Prezo da actividade
Trátase dunha actividade gratuíta

Castelo de
SOUTOMAIOR

Respostas ao Caderno do alumnado

1. O castelo e os seus dominios



Campesiñado

Ferreiro

Oleiro

2. O labirinto de Pedro Madruga





3. Preparen as armas!

Falconete

Arcabuz

- ◯ Gasolina
- ✓ Pólvora
- ◯ Leña
- ◯ Cera de abellas

4. Loitando contra as inxustizas



Avión
Computadora
Mochila
Balón
Zapatilla deportiva

5. Viaxando no tempo







6. Unha nova vida para o castelo

7. María Vinyals

- María Vinyals defendía os dereitos das mulleres, era ....feminista....
- Escribiu un libro sobre a historia do ....castelo....
- Xunto ao seu marido, médico, creou un ....sanatorio.... á beira do castelo.